



PLAN DIGITAL 2022/ 2023

15019281 **CPI DE ZAS**

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. [Introdución](#)

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. [Situación de partida](#)

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. [Plan de Acción](#)

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. [Avaliación do PD](#)

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. [Difusión do PD](#)

1. **Introdución**

1.1. **Datos básicos do centro**

O CPI de Zas está situado na capital do concello de Zas, aínda que non é o núcleo urbán máis poboado, que é Baio. O municipio ten unha superficie de 133,29 km² cunha poboación aproximada de 4.300 habitantes, a maioría de ámbito rural.

O noso centro está situado na Rúa Galicia, 49, na estrada que leva da poboación de Zas á poboación de Baio. Os/As alumnos/as que acoden ao centro son das parroquias centrais e meridionais co concello: Zas, Mira, S. Adrián de Castro, Meanos, Carreira, Roma, Gándara, Muíño, Vilar, Loroño e Lamas. No curso actual 2021-2022, o C.P.I. de Zas ten 136 alumnos e alumnas, o que supón, aproximadamente, unha terceira parte dos que hai no concello.

No centro impártense as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. O noso centro participa en diferentes programas ofertados pola Consellería de Educación, tales como PLAMBE, Plan Proxecta, Fprofe entre outros.

O centro conta con 12 profesores/as de Infantil e Primaria e outros 12 profesores/as de Secundaria, máis 3 compartidos respectivamente co IES Maximino Romero de Baio, CEIP Labarta Pose tamén de Baio, e coas unitarias de Traba e A Torre.

A páxina web do centro é <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpizas/>, e a dirección de correo electrónico é cpi.zas@edu.xunta.gal.

1.2. **Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

Na actualidade o concello presenta un grave problema de despoboamento e de envellecemento, o que se reflicte na continuada baixada no número de alumnado nos últimos anos. Desde os anos 70 o éxodo rural masivo cara as cidades próximas de A Coruña e Santiago e cara o estranxeiro, como Alemaña e Suíza, xunto coa caída da natalidade propia dunha sociedade evolucionada, explica que o concello perdesse máis de dous mil habitantes con respecto a poboación que tiña hai medio século.

O sector agropecuario é a principal base económica, ocupando a case o 40% da poboación activa. A agricultura, a tempo parcial, combínase coa crecente comercialización de produtos gandeiros e forestais. Aínda conviven formas tradicionais de explotación con outras máis modernas.

O sector secundario céntrase na construción, xa que a implantación industrial é escasa. Algunhas canteiras, prefabricados, panaderías e serradoiros constituían ate fai pouco o único tecido industrial do concello. Debido á crise está en clara decadencia e cada día pechan máis empresas.

O sector terciario está bipolarizado entre Baio, cunha forte dotación comercial, e Zas, que reúne as funcións administrativas.

Co desenvolvemento do Plan Dixital agardamos acadar o obxectivo de mellora e o fomento do uso das TICs entre toda a comunidade educativa, que no momento que estamos a vivir é esencial. O uso de Abalarmóvil e a aula virtual é xa unha realidade que se conseguíu hai dous cursos.

Por suposto, na Programación Xeral Anual do curso 22/23 contemplaremos o obxectivo da implementación do Plan Dixital. Neste senso, a PXA recollerá os obxectivos que nos marcamos no PD.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital realizouse coa axuda e guía do mentor da Rede Galega Dixitalgal. O profesorado integrante do Equipo de Plan Dixital así coma o resto do profesorado do centro colaborou en todo momento, facendo importantes achegas para poder acadar o obxectivo da redacción do PD.

No primeiro trimestre tanto profesorado coma alumnado realizamos o SELFIE, que nos indicou cales eran as debilidades e fortalezas, as ameazas e oportunidades, e redactamos o informe DAFO. Logo tivemos que facer unha escolma das máis importantes, para así poder establecer os obxectivos para o noso plan, tendo en conta sempre que estes debían ser acadables e realistas, e adaptados ao noso entorno.

No segundo trimestre realizamos o test de competencia dixital docente, que nos deu valiosa información respecto ao nivel dixital do noso profesorado, indicando que estamos dentro da media de Galicia.

Para establecer as accións a levar a cabo para cada un dos obxectivos que formarían parte do noso PD, realizamos formación, que corrúu a cargo do equipo Adix Vimianzo vía telemática.

Logo de moito traballo temos conseguido redactar o PD, que esperamos sexa aprobado este curso que xa remata.

2. *Situación de partida*

2.1. *Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais*

Durante os últimos cursos vense facendo usa da aula virtual, non só para o alumnado confinado, senón tamén para a comunicación co alumnado, programación de tarefas, etc.

As incidencias son solucionadas polo equipo TIC, aínda que contamos co servizo técnico dunha tenda de informática para as cuestións máis complicadas, así como a asistencia da UAC. Na secretaría temos unha folla de incidencias informáticas a disposición do profesorado para que se deixe constancia de calquera incidencia.

Enlaces e protocolos do centro relacionados coas TICs:

Plan de continxencia:

https://drive.google.com/file/d/1_MTYbn4C-NxV9_Ulg5SluxAq_rKpbVCw/view

Horarios espello:

https://drive.google.com/file/d/1GQEkn6G8RW_BypsNTQwFDeYtWE7uniSf/view

Aula virtual:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpizas/aulavirtual/>

Infraestrutura dixital :

- Conexión a internet de alta velocidade
- Telefonía
- Conexións cableadas, conexións sen fíos e electrónica de rede necesaria.

Equipamento :

- Aulas con equipamento dixital (ordenador e conexión a internet, proxector e P.D.I.):

Educación Infantil 5 anos , 1º de Educación Primaria, 2º de Educación Primaria, 3º de Educación Primaria, 4º de Educación Primaria, 5º de Educación Primaria, 6º de Educación Primaria. 1º de E.S.O., 2º de E.S.O., 3º de E.S.O., 4º de E.S.O.

- Aula de Informática I (16 ordenadores, impresora e impresora 3D)
- Biblioteca (1 ordenador xestión, 3 ordenadores para uso do alumnado, 1 ordenador para uso da P.D.I., dúas impresoras, 2 iPad e 4 iBook).
- Aula de Educación Infantil 3 anos:
 - 1 ordenador e proxector.
- Aula de Educación Infantil 4 anos:
 - 1 ordenador e proxector.
- Aula de xogos Educación Infantil :
 - 1 ordenador, proxector e impresora.
- Aula de música Educación Primaria :
 - 1 ordenador e proxector.
- Dep. Pedagogía Terapéutica :
 - 1 ordenador e 1 impresora.
- Aula de Audición e linguaxe :
 - 1 ordenador e proxector.
- Laboratorio de ciencias:
 - 1 ordenador e proxector.
- Aula de E.P.V :
 - 1 ordenador, proxector e 1 impresora.
- Aula de idiomas :
 - 1 ordenador, proxector e impresora.
- Aula de música E.S.O.:
 - 1 ordenado e proxector.
- Aula de tecnoloxía :
 - 2 ordenadores, 1 proxector e 2 impresoras.
- Aula informática II :
 - 14 ordenadores e proxector.

- Ludoteca :
 - 2 ordenadores, proxector e equipo de radio.
- Uso na biblioteca :
 - Catalogación de libros, préstamo e consulta, uso de ordenadores e actividades varias.
- Aulas de desdobre:
 - 1 ordenador e 1 proxector en cada unha das aulas.
- Sala do profesorado :
 - 5 ordenadores con conexión a internet, e dúas impresoras.
- Dep. de Lingua Castelá :
 - 1 ordenador.

Administración e xestión :

- Administración :
 - 1 ordenador e fotocopiadora.
- Dirección :
 - 1 ordenador.
- Xefatura de estudos :
 - 2 ordenadores.
- Secretaría :
 - 1 ordenador.
- Dep. de orientación :
 - 1 ordenador e 1 impresora.

Ordenadores para préstamo :

- 9 ultraportátiles, e 19 ordenadores

Servizos dixitais educativos :

- Correo electrónico do centro
- Páxina web do centro
- Aula virtual do centro
- Abalar móbil

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Inclúese a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4	3.3
	Profesorado	2.5	2.8
	Alumnado	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3	2.8
	Profesorado	2.7	2.8
	Alumnado	3.6	2.3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.3	4
	Profesorado	3.9	3.3
	Alumnado	3.8	2.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.4	3.8
	Profesorado	4	4.5
	Alumnado	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.4	4.1
	Profesorado	3.6	3.9
	Alumnado	-	3.1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.2	3.4
	Profesorado	2.6	3.9
	Alumnado	2.9	2.5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.7	2.9
	Profesorado	1.5	3.7
	Alumnado	-	2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.8	3.6
	Profesorado	-	3.9
	Alumnado	3.6	2.7

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	21	81 %
PROVISIONAL	4	4	100 %
INTERINO	1	1	100 %
SUBSTITUTO	2	3	66.7%
OUTROS	1	1	100 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
90,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
--	--------------------------------------	----------------------	---	---------------------------------

EI	88,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	96,1	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
ESO	92,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	6	23,1
B1	11	42,3
B2	4	15,4
C1	5	19,2
C2	-	-
TOTAL	26	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C2- No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías Dixitais.</p> <p>C3- No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías Dixitais.</p> <p>C8-No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise</p>	

	<p>C10- No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p>	
<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<p>E4-O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo.</p> <p>D3-O noso equipo directivo axúdanos a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais.</p> <p>G7-Axudamos ao profesorado a utilizar as tecnoloxías dixitais para a avaliación.</p> <p>SC- O profesorado colabora dentro da escola para o uso da tecnoloxía...</p>	<p>B3-Debemos mellorar para axudar ao profesorado a utilizar as tecnoloxías dixitais para a avaliación</p> <p>A4- No noso centro os profesores NON teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>D1- Debemos comentar cos nosos profesores sobre as súas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>E2- Os nosos profesores deben mellorar na creación recursos dixitais para reforzar o seu labor docente</p>
<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>		
<p>ALUMNADO</p>		<p>H3- No noso centro o alumnado debe aprender a actuar de forma responsable en internet</p> <p>H4- No noso centro o alumnado debe aprender a comprobar se a</p>

		<p>información que atopa en internet é fiable e precisa</p> <p>H8- No noso centro o alumnado debe aprender a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais</p>
FAMILIAS		<p>O centro educativo debe mellorar para ter unha comunicación regular e ben organizada coas familias.</p>
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<p>C12-Na nosa escola, non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.</p> <p>D1-O noso equipo directivo non reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>E3- Os nosos profesores non utilizan entornos virtuais de aprendizaxe cos alumnos</p> <p>B3-No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras</p>

			<p>Organizacións</p> <p>F1- Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>F6- O noso profesorado fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais</p> <p>G1- Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos estudantes</p> <p>G3- Os nosos profesores empregan tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p> <p>G5- Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe</p>
--	--	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<p>Falta de fondos</p> <p>Falta de tempo para os profesores</p> <p>O profesorado carece de tempo para desenvolver material para a aprendizaxe...</p> <p>O centro educativo non ten acceso a recursos dixitais en liña ben organizados.</p>

LEXISLACIÓN		C7- No noso centro deben mellorar os sistemas de protección de datos
CONTORNA		Conexión a internet pouco fiable ou lenta Alumnos con competencias dixitais insuficientes. Baixa competencia dixital das familias. Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet.
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES		B3- No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras Organizacións

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos do centro

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

A continuación inclúense os obxectivos e as accións para levarlos a cabo.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez feito o DAFO, o equipo do Plan Dixital, xunto coa axuda do resto do profesorado, tivemos que reflexionar sobre os obxectivos a incluír no plan de acción. Consideramos que o número axeitado de obxectivos para este primer PD era de seis ou

sete, xa que máis serían irrealizables. Para elo, centrámonos nas debilidades sinaladas polo DAFO, e, dentro destas, as que consideramos máis apremiantes, que debían estar relacionadas coa comunicación, a seguridade, a creación de materiais e o uso da aula de informática. Deste xeito, os obxectivos do noso primeiro PD son:

Obxectivo 1: *Aprender a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.*

Consideramos que é esencial que o alumnado coñeza e utilice os diferentes medios dixitais de comunicación.

Nestes momentos só un 5% do alumnado é quen de comunicarse correctamente utilizando tecnoloxías dixitais, e o noso indicador de logro será que o 100% do alumnado o faga a 31 de outubro de 2022.

Obxectivo 2: *Mellorar a navegación segura na web e a comprobar a fiabilidade e precisión da información que atopa en internet.*

Unha das nosas maiores preocupacións coma docentes é que o noso alumnado non corra riscos e se sinta seguro á hora de utilizar a rede, así como que saiba atopar información fiable cando navega por internet.

Logo de recabar datos, encontramos que só unha porcentaxe mínima (o 5%) do noso alumnado utiliza internet de xeito seguro, e practicamente ningún deles/as comproba a fiabilidade da información que recaban na rede.

Para elo planificamos unha serie de accións que nos levarán a que o 100% do alumnado navegue con seguridade pola rede e comprobe que a información que atope en internet é fiable e precisa. O logro deste obxectivo nolo marcamos para o 31 de xaneiro de 2023.

Obxectivo 3: *Creación dun repositorio de proxectos interdisciplinares online.*

Outra das necesidades que atopamos no noso centro é a existencia dun repositorio de proxectos interdisciplinares. De feito, este tipo de proxectos non se teñen utilizado nunca nas nosas aulas. Consideramos que son moi interesantes e que poden aportar unha nova perspectiva da educación conectada.

Para acadar este obxectivo imos necesitar que todo o profesorado se implique, e a data 30 de xuño de 2023 agardamos ter creado un proxecto interdisciplinar para cada un dos cursos de educación primaria e secundaria. Somos conscientes de que é un obxectivo ambicioso e que requerirá moito traballo, e incluso formación para o profesorado.

Obxectivo 4: *Mellorar na creación de recursos dixitais para reforzar o labor docente.*

Outro dos obxectivos que decidimos incluír no noso primeiro PD é que o profesorado sexa quen de crear os seus propios materiais docentes para así os adaptar ás necesidades do alumnado do noso centro. Encontramos que case un tercio do profesorado emprega diversos recursos dixitais, pero coidamos que sería moi importante que estes recursos sexan compartidos.

Este obxectivo está relacionado co anterior, xa que para crear as actividades dos proxectos interdisciplinares sería interesante que o profesorado non só utilizase recursos online xa existentes, senón que fora quen de crealos.

Este obxectivo consideraríase acadado se a 30 de xuño de 2023 a totalidade do profesorado utilizase recursos dixitais variados na súa labor docente.

Obxectivo 5: *Mellora do uso da aula de informática.*

O equipo de Plan Dixital, logo de revisar o uso das aulas de informática, que queda reflexado no libro de reserva das susoditas aulas, que teñen a dotación necesaria, consideramos que non se lles está a sacar todo o partido que se debe, polo que o bo uso deste recurso co que xa contamos ten que ser unha prioridade para o vindeiro curso, tendo en conta ademais a situación vivida nestes tres últimos cursos, e sendo previsores para posibles situacións semellantes.

Partimos do feito de que só un 5% do alumnado traballa correctamente empregando diversos medios dixitais, polo que necesitan facer un maior uso destes medios no centro, nas aulas de informática.

Para a consecución deste obxectivo, agardamos que a data 21 de xuño de 2023 o 100% do alumnado é quen de empregar diversos medios dixitais para a súa actividade lectiva.

Obxectivo 6: *Mellorar o intercambio de información coas familias utilizando as tecnoloxías dixitais.*

O último obxectivo que eliximos para este primeiro PD foi a mellora do intercambio de información coas familias empregando as tecnoloxías dixitais.

Desde o centro vimos notando que moitas familias non son capaces de se comunicar co centro por medio de tecnoloxías dixitais. É certo que case o 100% das familias contan coa aplicación Abalarmóvil, aínda que non lle sacan todo o rendemento debido. Sen embargo, cando se trata do correo electrónico a porcentaxe de familias que o utilizan de cotío é mínima: pouquísimas familias o empregan para dar avisos, sempre preferindo o teléfono. Por suposto, non son quen de realizar trámites administrativos por este medio, preferindo sempre facer as xestións en persoa.

No que respecta á páxina web, onde o centro publica toda a información de interese para as familias, apreciamos que non é consultada normalmente, ben é certo que a páxina necesita facerse máis intuitiva, un obxectivo que temos aínda que acometer, e que foi aprazado unha e outra vez xa que xurdiron obxectivos máis apremiantes.

Agardamos que a 31 de outubro todas as familias poidan sacar máis partido aos medios dixitais de comunicación que temos á nosa disposición.

O equipo do Plan Dixital consideramos que estes obxectivos son os máis necesarios, realistas e acadables para o noso centro para o vindeiro curso 2022/ 2023. Ademais, deste xeito intentamos dinamizar as tecnoloxías dixitais no noso centro involucrando a toda a comunidade educativa, xa que contamos con obxectivos relacionados coa mellora da competencia dixital do alumnado e do seu proceso de aprendizaxe, do profesorado e da práctica docente, das instalacións coas que xa contamos e, por último, da capacidade das familias para o uso das novas tecnoloxías da comunicación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura dixital:

Ao ser un centro de ámbito rural, a conectividade a internet non é a axeitada moitas veces, dificultando así as sesións de videoconferencias.

Equipamento:

Dixitalización das aulas: aínda non todas as aulas, incluíndo o laboratorio, contan con pizarras dixitais, unha ferramenta que é esencial no momento actual.

Os equipos informáticos utilizados para administración (xefatura de estudos, secretaría e dirección), así como algúns da sala do profesorado, están obsoletos.

Non todos os departamentos contan con equipos informáticos.

“Área/s de mellora”: H8 : Dimensión pedagóxica. Competencias dixitais do alumnado.						
OBXECTIVO 1:	<i>Aprender a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.</i>				<i>Acadado</i>	
RESPONSABLE:	<i>Grupo Dinamizador do Plan Dixital de Centro</i>				<i>Non acadado</i>	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<i>Porcentaxe de alumnado que é capaz de comunicarse correctamente empregando tecnoloxías dixitais</i>					
Valor de partida	<i>5% do alumnado comunícase correctamente empregando diversos medios dixitais: correo electrónico, mensaxería da AV do centro</i>					
Valor previsto e data	<i>100% do alumnado comunícase correctamente empregando diversos medios dixitais: correo electrónico, mensaxería da AV do centro</i>			<i>31/10/2022</i>		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Sesión de formación para o alumnado no emprego do correo corporativo e mensaxería da AV do centro	<i>Coordinador TIC</i>	<i>23/09/2022</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo</i>		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	
AO1.2:Sesión de posta en práctica da formación adquirida	<i>Grupo Dinamizador do Plan Dixital de Centro</i>	<i>30/09/2022</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo Grupo Dinamizador do Plan Dixital de Centro</i>		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	
AO1.3:Verificación e corrección de erros no uso das tecnoloxías empregadas para a comunicación no entorno dixital traballado	<i>Coordinador TIC</i>	<i>21/10/2022</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo</i>		<i>Realizada</i>	
					<i>Aprazada</i>	
					<i>Pendente</i>	
AO1.4: Realización dun test	<i>Grupo Dinamizador do</i>	<i>28/10/2022</i>	<i>Aula virtual do centro.</i>		<i>Realizada</i>	

para comprobar que o alumnado se comunica correctamente empregando as tecnoloxías dixitais.	Plan Dixital de Centro.		Correo corporativo. Grupo Dinamizador do Plan Dixital de Centro.			Aprazada	
						Pendente	

A02.8: Cuestionario final sobre o uso responsable de internet e a fiabilidade da información. Posta en común. Debate grupal.	Titor/a do grupo	31/01/2023	Aula de informática Cuestionario on-line Dpto. Orientación			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”: H4 : Dimensión pedagóxica. Competencias dixitais do alumnado.

1. OBXECTIVO 2 :	Mellorar a navegación segura na web e a comprobar a fiabilidade e precisión da información que atopa en internet	Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital do centro	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnado que é capaz de comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa, e utiliza internet de xeito seguro.		
Valor de partida	2% do alumnado comproba que a información que atopa en internet é fiable e precisa 5% do alumnado utiliza internet de xeito seguro		
Valor previsto e data	100% do alumnado navegue con seguridade pola rede e comprobe que a información que atope en internet é fiable e precisa	31/01/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A02.1:Sesión de formación para o alumnado comprender conceptos básicos como información veraz, fontes fiables ,diferenciar opinión e información.	Coordinador TIC	16/09/2022	Aula virtual do centro. Correo corporativo Aula de informática		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.2:Sesión de tutoría: cuestionario incial sobre coñecementos previos do uso responsable de internet.	Titor/a do grupo	23/09/2022	Aula de informática Cuestionario on-line Dpto. Orientación		Realizada
A02.3:Sesión para alumnado: coñecer e elixir adecuadamente os buscadores de información e seguridade en internet.	Coordinador TIC	30/09/2022	Aula virtual do centro. Correo corporativo Aula informática		Aprazada
					Pendente
					Pendente
A02.4 Sesión para alumnado: aprender a facer buscas eficaces (filtrar,	Coordinador TIC	14/10/2022	Aula virtual do centro. Correo corporativo Aula virtual		Realizada
					Aprazada

					Pendente	
elixir termos clave, utilizar operadores						
A01.5 Sesión para alumnado: Aprender a contrastar información en base a unha listaxe de verificación dada polo coordinador.	Coordinador Tic	18/11/2022	Aula virtual do centro. Correo corporativo Aula informática.			
A02.6 Sesión para alumnado: Aprender a valorar e seleccionar a información tendo en conta: a autoridade e fiabilidade da orixe; o enfoque da información, a actualización dos contidos e a lexibilidade e calidade do texto	Coordinador Tic	02/12/2022	Aula virtual do centro. Correo corporativo Aula informática.			
A02.7 Sesión para o alumnado: Aprender a compilar fontes fiables e almacenar a documentación (Feedly, Symbaloo, Delicious...) e uso responsable da información na rede.	Coordinador Tic	16/12/2022	Aula virtual do centro. Correo corporativo Aula informática.			
					Realizada	
A02.8: Cuestionario final sobre o uso responsable de internet e a fiabilidade da información. Posta en común. Debate grupal.	Titor/a do grupo	31/01/2023	Aula de informática Cuestionario on-line Dpto. Orientación		Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Dimensión Pedagóxica. Creación de materiais didácticos

OBXECTIVO 3 :	<i>Creación dun repositorio de proxectos interdisciplinares online</i>		<i>Acadado</i>		
RESPONSABLE:	<i>Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro</i>		<i>Non acadado</i>		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<i>Número de proxectos interdisciplinares creados para cada curso de EP e ESO.</i>				
Valor de partida	<i>Cero proxectos interdisciplinares.</i>				
Valor previsto e data	<i>Creación dun proxecto interdisciplinar para cada nivel de EP e ESO.</i>		<i>30/06/23</i>		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	1. DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<i>A03.1:Reunión do claustro. Creación dos equipos de traballo. Nomeamento dos coordinadores/as de cada proxecto. Identificación das necesidades de formación do profesorado. Solicitude de formación ao CFR se corresponde.</i>	<i>Equipo Directivo</i>	<i>31/10/2022</i>	<i>Sala de reunións. Material funxible. Acceso á rede. Aula de informática. Convocatoria do Claustro (como punto nunha convocatoria ordinaria) Equipo Directivo</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
					<i>Pendente</i>
<i>A03.2:Identificación dos temas de cada proxecto interdisciplinar.</i>	<i>Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro</i>	<i>15/11/ 2022</i>	<i>Sala de reunións. Material funxible. Acceso á rede. Aula de informática. Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
					<i>Pendente</i>
<i>A03.3:Identificación dos</i>	<i>Grupo dinamizador do</i>	<i>30/11/ 2022</i>	<i>Sala de reunións.</i>		<i>Realizada</i>

obxectivos de cada proxecto segundo cada materia.	Plan Dixital de Centro		Material funxible. Acceso á rede. Aula de informática. Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro		Aprazada	
--	-------------------------------	--	---	--	-----------------	--

A03.4: Identificación dos contidos de cada proxecto segundo cada materia.	Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro	15/12/2022	Sala de reunións. Material funxible. Acceso á rede. Aula de informática. Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.5: Identificación das tarefas de cada proxecto segundo cada materia.	Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro	31/01/2023	Sala de reunións. Material funxible. Acceso á rede. Aula de informática. Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.6: Búsqueda/ Creación de materiais dixitais e/ou noutros soportes para cada unha das tarefas identificadas.	Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro	15/04/2023	Acceso á rede. Aula de informática. Materiais didácticos en diferentes soportes. Material funxible. Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.7: Programación de cada proxecto.(Organización das tarefas, temporalización.)	Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro	07/05/2023	Acceso á rede. Aula de informática. Sala de reunións. Material funxible. Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.8: Creación de rúbricas de avaliación e autoavaliación dos proxectos (alumnado/ profesorado).	Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro	31/05/2023	Acceso á rede. Aula de informática. Sala de reunións. Material funxible.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

			Grupo dinamizador do Plan Dixital de Centro		
A03.9: Creación do repositorio online	Coordinador TIC	30/06/2023	Acceso á rede. Aula de informática. Coordinador TIC		
				Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: E2: Dimensión pedagóxica. Competencia dixital docente.

OBXECTIVO 4:	<i>Mellorar na creación de recursos dixitais para reforzar o labor docente</i>		<i>Acadado</i>		
RESPONSABLE:	<i>Grupo dinamizador do Plan dixital de centro</i>		<i>Non acadado</i>		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<i>Porcentaxe de profesorado que emprega recursos dixitais variados no seu labor docente</i>				
Valor de partida	<i>30 % do profesorado emprega diversos recursos dixitais no seu labor docente</i>				
Valor previsto e data	<i>100% do profesorado emprega diversos recursos dixitais no seu labor docente</i>		<i>30/06/23</i>		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A04.1: Sesión inicial de posta en común para establecer os coñecementos previos (enquisa)	<i>Coordinador TIC</i>	<i>30/09/2022</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo.</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
					<i>Pendente</i>
A04.2: Sesión de coordinación docente para poñer en marcha equipos de traballo de acordo con materias/niveis educativos/...	<i>Grupo dinamizador do Plan dixital de centro</i>	<i>31/10/2022</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo. Aula de informática do CPI.</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
					<i>Pendente</i>
A04.3: Creación dun banco de recursos dixitais do centro para o uso compartido	<i>Grupo dinamizador do Plan dixital de centro</i>	<i>31/12/2022</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo. Aula de informática do CPI.</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
					<i>Pendente</i>
A04.4: Sesión de formación en recursos dixitais organizadas por núcleos de interese / niveis educativos... a través dun PFPP	<i>Grupo dinamizador do Plan dixital de centro</i>	<i>30/06/2023</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo. Aula de informática do CPI.</i>		<i>Realizada</i>

“Área/s de mellora”: H8 : Dimensión pedagóxica. Competencias dixitais do alumnado.						
OBXECTIVO 5 :	Mellora do uso da aula de informática				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado / Encargado da xestión da aula de informática / Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Aumento no tempo de uso da aula de informática. Porcentaxe de alumnado que aumenta o uso das tecnoloxías dixitais e de modo correcto.					
Valor de partida	5% do alumnado traballa correctamente empregando diversos medios dixitais.					
Valor previsto e data	100% do alumnado traballa correctamente empregando diversos medios dixitais.				21/06/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Crear unhas normas de obrigado cumprimento en relación ao uso da aula de informática e da configuración dos equipos.	Equipo directivo / Coordinador TIC / Grupo dinamizador do Plan dixital de Centro	30/09/2022	Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Tratar na medida do posible que cada alumno/a utilice sempre o mesmo ordenador na aula de informática.	Coordinador TIC / Grupo dinamizador do Plan dixital de Centro	21/06/2023	Aula de informática do CPI Equipamento Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Se fose preciso un cambio de ordenador por parte de algún alumno/a quedará constancia dese feito nun libro de rexistros que debe permanecer na aula de informática.	Coordinador TIC / Grupo dinamizador do Plan dixital de Centro	21/06/2023	Aula de informática do CPI Equipamento Persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A05.4: Facer responsable ao profesorado no aviso das incidencias que poidan xurdir nos equipamentos informáticos.	<i>Coordinador TIC / Grupo dinamizador do Plan dixital de Centro</i>	<i>21/06/2023</i>	<i>Persoal</i>		
A05.5: Crear unha conta de usuario para cada alumno/a (así cada quen distribuirá o escritorio ao seu gusto) e fomentarase o uso de almacenamento na nube (evitando por tanto o uso de pinchos USB).	<i>Coordinador TIC</i>	<i>30/09/2022</i>	<i>Aula de informática do CPI Equipamento</i>		
A05.6: Promover o uso de software libre e o respecto pola propiedade intelectual.	<i>Coordinador TIC / Grupo dinamizador do Plan dixital de Centro</i>	<i>21/06/2023</i>	<i>Equipamento Persoal</i>		
A05.7: En cada materia cada certo tempo, máis ou menos segundo a demanda do profesorado correspondente, o alumnado debe necesariamente acudir a aula de informática onde se lle debe dar a coñecer ferramentas dixitais axeitadas que axuden a estruturar e mellorar a aprendizaxe dos contidos que se están a estudar.	<i>Equipo directivo/ Coordinador do Plan Dixital de Centro / Grupo dinamizador do Plan dixital de Centro</i>	<i>21/06/2023</i>	<i>Infraestrutura Persoal</i>		

“Área/s de mellora”: E4: Dimensión pedagóxica. Comunicación coa comunidade educativa

OBXECTIVO 6:	<i>Mellorar o intercambio de información coas familias usando as tecnoloxías dixitais.</i>		<i>Acadado</i>		
RESPONSABLE:	Equipo Directivo		<i>Non acadado</i>		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<i>Porcentaxe de familias que é capaz de comunicarse correctamente co centro empregando tecnoloxías dixitais</i>				
Valor de partida	<i>5% das familias comunicáanse correctamente co centro empregando diversos medios dixitais: correo electrónico, mensaxería da AV do centro, ABALAR, páxina web do centro.</i>				
Valor previsto e data	<i>100% das familias comunicáanse correctamente empregando diversos medios dixitais: correo electrónico, mensaxería da AV do centro, ABALAR, web do centro</i>		<i>31/10/22</i>		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A06.1: Mellora das tecnoloxías dixitais máis usadas polo centro	<i>Coordinador TIC Grupo dinamizador do PDC Equipo directivo</i>	<i>30/09/22</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo. Aula de informática do CPI Plataforma ABALAR. Web do centro</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
					<i>Pendente</i>
A06.2: Sesión de formación para as familias no emprego das tecnoloxías habituais do centro	<i>Coordinador TIC Grupo dinamizador do PDC</i>	<i>30/09/22</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo. Aula de informática do CPI Plataforma ABALAR Web do centro</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
A06.3: Sesión de posta en práctica da formación adquirida	<i>Equipo directivo Coordinador TIC Coordinador do PDC</i>	<i>30/09/22</i>	<i>Aula virtual do centro. Correo corporativo. Aula de informática do CPI Plataforma ABALAR Web do centro</i>		<i>Realizada</i>
					<i>Aprazada</i>
					<i>Pendente</i>
A06.4: Enquisa de			<i>Aula virtual do centro.</i>		<i>Realizada</i>

satisfacción e propostas de mellora por parte das familias	Coordinador TIC Coordinador do PDC	31/10/22	Plataforma ABALAR		Aprazada	
					Pendente	

4. *Avaliación do plan*

O Plan Dixital sera avaliado desde dúas perspectivas:

- A avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao fin de cada trimestre do curso 22/23. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Utilízanse os apartados correspondentes das táboas de obxectivos.

- A avaliación final farase ao remate do curso académico 22/23. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

O Plan Dixital sufrirá as melloras e cambios pertinentes segundo as avaliación mencionadas, para adaptarse ás necesidades que sexan detectadas.

5. *Difusión do plan*

Unha vez aprobado o Plan Dixital polo Claustro, publicarase na páxina web do centro, e informarase ás familias a través da aplicación Abalar. O profesorado será informado por medio do correo corporativo do centro, empregando este mesmo medio para o Consello Escolar.

Este Plan Dixital do CPI de Zas foi aprobado con data 30 de xuño de 2022.

